

RANKING O-PÉ 2012. CORREDORES DUPLICADOS.

Segundo as normas do ranking, antes de que tivera lugar a quinta proba do calendario, os corredores que participaran en varias categorías tiñan que informar ao responsable do ranking da categoría na que ían puntuar.

Só un club informou en tempo e forma acerca dun corredor que xa participara en varias categorías. Ademais, dase o caso de que este corredor gañou varias probas nas distintas categorías, o cal afecta directamente á puntuación do resto de corredores. Trátase de Raúl Iglesias Náñez, que participou e gañou probas en H-16 e H-20. O seu club informou que a partir da sétima proba vai participar en H-21B.

Outros corredores que participaron en varias categorías son os que se relacionan a continuación. Este responsable do ranking decidiu a categoría na que van continuar contando para o ranking, segundo o criterio establecido nas normas. Estas din que a falta de confirmación por parte dos interesados, o responsable do ranking ten que coller a categoría na que máis teña participado o corredor. Hai algúns casos nos que os corredores participaron un mesmo número de probas en cada categoría, co cal se decidiu escoller a categoría con mellor puntuación.

- Carlos Fernández Martínez. Participou en H-21B e H-35. Queda en H-21B.
- Raúl Iglesias Náñez. Por decisión do club queda en H-21B.
- José Ramón Mosquera Ríos. Participou en H Elite e H-21. Queda en H Elite.
- Alfonso Rosado Frade. Participou en H Elite e H-21. Queda en H-21.
- Ramón Sampedro Muñiz. Participou en H-35 e H-45. Queda en H-35.
- José Manuel Sancosmed Torres. Participou en H-35 e H-45. Queda en H-45.
- Eva Seoane Seijas. Participou en D-20 e D-21. Queda en D-20.
- Ana Varela Yáñez. Participou en D-16 e D-20. Queda en D-20.

Se hai algún corredor que non estea de acordo coa asignación pode enviar unha mensaxe xustificando a razón pola que ten que ser asignado a outra categoría distinta.

Despois destes axustes vense de facer un recálculo completo do ranking, tanto das puntuacións individuais coma das puntuacións por clubs.

Javi Arufe
Responsable do Ranking O-Pé